

## OS DOCUMENTOS BAIXOMEDIEVAIS DO MOSTEIRO DE SAN MAMEDE DE SEAVIA CUSTODIADOS NO ARQUIVO DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

*Valentina María Veiga Alonso*

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

### 1. INTRODUCCIÓN

Dentro das actividades do vintecinco aniversario da fundación do Instituto da Lingua Galega, o noso traballo “*Os Documentos Baixomedievais do Mosteiro de San Mamede de Seavia custodiados no arquivo de San Paio de Antealtares*” supón unha pequena contribución ó labor de investigación que se vén realizando sobre a nosa lingua. Concretamente hai que inserilo dentro do Proxecto de Gramática Histórica da Lingua Galega que se está levando a cabo dentro do Instituto.

Os documentos xeraron dúas liñas de investigación: unha centrada nos estudos de antroponimia e toponimia medievais galegas, a cargo da miña compañeira Raquel Aira González, e outra que pretende analiza-los documentos sentando as bases para unha futura edición filolóxica dos mesmos. O traballo abrangue a descrición dos manuscritos dende as súas características xerais chegando ós aspectos especificamente lingüísticos.

Dada a limitación lóxica das intervencións, esta comunicación non pode recoller con minuciosidade toda a información que se podería tirar de facermos unha análise exhaustiva dos textos. Por isto, o meu desexo é mostrar unha visión de conxunto que recolla unha idea do que estiven a realizar nestes últimos meses.

### 2. COORDENADAS HISTÓRICAS

Para ofrecer un panorama histórico do mosteiro de Seavia, cómpre facer referencia a un monográfico que Manuel Lucas Álvarez lle dedica; o seu título é “San Mamed de Sea-

via, monasterio Benedictino en la tierra de Bergantiños (Galicia), anexo de San Payo de Antealtares”, con motivo dunha homenaxe a Don José María Lacarra de Miguel.

Neste estudio, fala da reforma monástica en Galicia na época dos Reis Católicos (1475-1504). Particularmente, estamos no ano 1487, ano en que se iniciou a reforma dos mosteiros de San Martiño Pinario, San Paio de Antealtares e San Pedro de Fóra.

Con motivo desta reforma varios cenobios son anexionados a Antealtares. Un deles era o de San Mamede de Seavia, aínda que a incorporación non aparece recollida en ningún documento.

Segundo este investigador, “todo parece indicar que la anexión de Seavia a San Payo debió de realizarse entre los años 1499 y 1500, aunque los datos sean escasos”. Unha vez establecida a incorporación desta abadía de frades ó mosteiro feminino de San Paio, converteuse en priorado de monxas.

Para tentar reconstruí-los antecedentes históricos do mosteiro de Seavia, bota man das escasas mencións documentais que se conservan: trátase dos seis pergamiños obxecto do noso estudio, dos que falarei máis adiante.

Tamén recorre a procedementos indirectos: á análise de fontes documentais datadas entre 1500 e 1530. Son case sempre foros e dos seus datos fai unha posible reconstrución do patrimonio do mosteiro e dos seus posibles alcances.

Non hai datos sobre a fundación de Seavia; di Manuel Lucas:

“cabe sospechar que se trata de uno de tantos centros religiosos de fundación y propiedad privada y familiar que fueron frecuentes en los siglos medios; y dentro de las hipótesis cabría suponer que tal función fuese llevada a efecto por la familia Traba”.

A primeira noticia que temos da súa existencia data de 1392, pola que sabemos dunha doazón ó mosteiro. As seguintes noticias son xa do século XV e entre elas figuran os seis documentos conservados.

En canto á importancia do mosteiro, a impresión de Lucas é que nin espiritual nin economicamente foi grande a súa influencia, e menos no século XV, época de crises internas e vocacionais nos centros monásticos galegos. Lucas atreveuse tamén a cifrar en dous o número de monxes nese século XV: o abade e outro, que sería un presbítero; pero tamén podería ser posible a presenza de máis xente de menor grao ou mesmo de leigos.

As posibilidades económicas de acordo cos documentos do século XV serían problemáticas e non concordan coas apreciacións do Papa León X que posibilitaron a anexión a San Paio.

O couto de Seavia abranguí-a toda a actual parroquia de Seavia, que pertence ó actual concello coruñés de Coristanco, na comarca de Bergantiños, no noroeste de Galicia. Trátase dun terreo montañoso de non moi boa calidade, aínda que ten uns pequenos vales que ofrecen bos cultivos. Ademais, para cubri-las súas necesidades tiña outros lugares de gran rendemento en parroquias próximas.

Como xa dixen antes, para estudia-lo marco histórico de San Mamede Lucas acode ás fontes documentais directas. Delas di que son escasas e tardías e que só quedan no arquivo de San Paio **seis** pergamiños en deficiente estado de conservación.

Por outra banda, o *Catálogo Archivístico del monasterio de Benedictinas de San Paio de Antealtares* publicado este ano e elaborado por M<sup>a</sup> Mercedes Buján Rodríguez, dános unha relación de **sete** documentos (e non seis) pertencentes a Seavia.

Os seis documentos dos que fala Lucas son cartas de foro onde o mosteiro arrenda parte das súas propiedades a algún particular; e o outro (que Lucas non menciona) é unha doazón.

A nosa lectura dos textos ten como conclusións as seguintes informacións:

- O primeiro documento é a doazón de Álvaro Gómez de Vilanova a Leonor Gómez e ó seu marido Vasco Rodríguez de Garavellos. Está datado en abril de 1423.
- O segundo documento é de decembro dese mesmo ano e é o foro do casal de Carballas e outras herdades a Álvaro Gómez por parte do mosteiro.
- O terceiro é o foro do lugar de Centiña e o agro de Ferradra ó escudeiro Gil Fernández de Riobó. Debido ó mal estado de conservación deste pergamiño nós non conseguimos datar este texto: foi escrito un vinte de maio de non sabemos qué ano. Lucas e o *Catálogo...* de San Paio ofrecen unha data aproximada entre 1435 e 1440, tal vez porque cando Lucas Álvarez estudiou este texto o seu estado non era tan deficiente.
- O cuarto data de 1438 e é un foro a Gómez de Abregoi duns terreos en San Mamede de Seavia, Santa María de Traba e San Salvador de Cerqueda.
- O texto número cinco é unha renovación de foro a Gonzalo Frade duns terreos no couto de Seavia, no ano 1443.
- O texto número seis é un foro a Xoán Vázquez de Abregoi do casal da Castiñeira e do casal de Vormoio. Da nosa lectura ofrecémo-la data de 1481; M<sup>a</sup> Mercedes Buján dátao no seu catálogo na década dos oitenta sen precisa-lo ano; finalmente, Manuel Lucas, no monográfico, fala de 1475, diferindo bastante das mencionadas anteriormente.
- Por último, o foro do casal da Gallarda e do casal da Devesa a Xoán Varela. Data de 1487.

Temos, pois, sete textos datados entre 1423 e 1487.

A cuestión fundamental para nós nese momento era saber se a doazón debería ser incluída ou non como un dos textos pertencentes ó mosteiro de Seavia. Lucas non fala del; M<sup>a</sup> Mercedes Buján arquivouno xunto cos outros. Tralo estudio deste documento en relación co resto hai unha serie de razóns que fan pensar na non adscrición deste ó con-

xunto dos correspondentes ó mosteiro: é unha doazón entre segrares fronte ós outros que teñen o mosteiro como unha das partes afectadas; nestes, a institución aparece nomeada en repetidas ocasións, pois todos –ou cando menos cinco– foron feitos no seu cabido e baixo consentimento e outorgamento do abade na compañía doutros frades. Por outra banda, nestes manuscritos hai unha especial constancia de que os foros son feitos en beneficio do mosteiro de San Mamede, mentres que a doazón citada é en beneficio dun particular. De tódolos xeitos, a vinculación pode ser razoable: o estudio da toponimia revela que as localizacións que se mencionan neste documento atópanse na mesma zona de Bergantiños, preto de Malpica, se ben o mosteiro estaba situado máis ó sur. Aínda así, a deterioración do documento impide ler con claridade as referencias toponímicas e por isto non podemos encadralo con toda certeza. Tal vez o documento foi parar ó mosteiro e, de alí, trasladouse co resto ó arquivo de San Paio, gardándose todos xuntos debido a que no verso deste texto aparece o nome de Seavia.

#### 4. DESCRICIÓN DIPLOMÁTICA E CODICOLÓXICA

##### 4.1. Caracteres externos

- Tódolos documentos están escritos sobre pergamiño e algún deles está modestamente restaurado. En xeral, a conservación é bastante cativa, pois exceptuando algún documento a maioría presenta manchas de humidade, roturas, pregos, tinta esvaída ou borrada, que dificultan a lectura de pasaxes importantes do texto. Isto obrigou moitas veces a facer reconstrucións de palabras ou do sentido xeral. Noutros casos foinos imposible.
- O formato dos pergamiños é diverso, cambiando duns documentos a outros. Son pezas irregulares, normalmente rectangulares, onde o espazo interlineal, o tamaño da letra e as marxes se adaptan para lle dar cabida ó texto.
- Como é habitual neste tipo de documentos, están escritos por dúas mans: a do escribán e a do notario, o cal incorpora unha fórmula que acredita a súa legalidade. A escritura efectúase por unha soa cara dos pergamiños, e polo reverso presentan pequenas anotacións de distintas mans e épocas referidas ó contido, ó lugar e á data dos documentos, seguramente realizadas por mor da súa inventariación en épocas posteriores.
- O tipo de letra no que están escritos é minúscula gótica, pero con diferencias segundo as datas: os textos máis próximos ó fin do século XV xa anuncian trazos moi claros da letra cortesá, que naceu como unha variante da gótica cursiva.
- As abreviaturas son frecuentes, destacando a liberdade no seu trazado, que varía constantemente.

## 4.2. Caracteres internos

- Como xa indicamos antes, tódolos textos son cartas de aforamento agás unha doazón. Presentan unha estrutura predeterminada con distintas partes que cumpren cadansúa función. Certas partes non son rixidas; así a data (que consta de lugar, día, mes e ano) pode aparecer tanto encabeizando o texto como ó final deste.
- Os documentos empezan cunha notificación de tipo universal mediante a locución “*Sabam todos quantos esta carta viren...*” (e variantes) para indica-lo seu carácter público. Continúase cun protocolo que subscribe cada unha das partes do convenio e que soe inicia-lo texto xunto coa data, xa que non aparece ningún tipo de invocación. Tampouco figuran outras fórmulas frecuentes noutros escritos como locucións de humildade ou de devoción.
- O autor manifesta a súa decisión a través dun verbo que expresa a súa vontade e orienta sobre a natureza xurídica do documento; este é un elemento fundamental, do tipo “*aforamos, damos en aforamento e por razón de foro, outorgamos que aforamos...*”.
- A continuación detállanse as disposicións do escrito, polas cales se especifican a natureza, extensión, limitación, explotación do foro, así como as rendas. A declaración da acción xurídica principal pode verse acompañada de cláusulas secundarias de tipo diverso; as máis frecuentes son de prohibición (que impiden a oposición directa ou indirecta ó acordo), as que atinxen ós sucesores, as de obriga e as de promesa, as de restitución, as penais...
- Na parte inferior do documento aparecen as fórmulas finais: o anuncio de validación e a cláusula de corroboración, pola que se pon de manifesto a validación a través de testemuñas e sinaturas. Finalmente, a subscripción notarial que lle confire ó documento un valor de autenticidade. Algúns documentos presentan a sinatura e o signo persoal do notario.

## 5. BREVE CARACTERIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Os sete textos están escritos en lingua galega; están datados ó longo do século XV e podemos dicir que presentan os trazos característicos do galego culto medieval consonte a outros documentos desa época.

A análise lingüística destes aínda está sendo obxecto de estudio, pero xa podemos tirar deles algúns aspectos significativos.

- Con respecto ás grafías, vemos xa o emprego de *ll* e *ñ* para as palatais lateral e nasal, aínda que aparecen exemplos desta última grafados con *n*. Así, atopámo-la palabra *moller* (texto nº 7), *vello* (3), *viña* (1), *miñas* (4) e *tijna* (3).
- Para a alveolar líquida lateral /l/, témo-las grafías *l* e *ll*: aparece *mjll* (1), *villa* (3), *vila* (1), *casal* (2).
- Para a oclusiva sonora /g/ ante vocal palatal aparece normalmente a grafía *g*; temos *page* (4), *fregesías* (4), *Migés* (2). Só nun caso aparece o dígrafo *gu* na palabra *segue* (5).
- A representación da consoante nasal implosiva presenta tres posibilidades con idéntica pronuncia en posición absoluta e interna, incluso ante *p* e *b*.
  1. A primeira posibilidade é a grafía *m*, como aparece en *fym* (2), *dom* (3), *sabam* (7).
  2. A segunda é a grafía *n*; témola en *beens* (7), *viren* (5).
  3. A terceira é o trazo de abreviación sobre vocal, como vemos en *nẽ* (1), *chamã* (1), *forẽ* (2).
- As vocais *u* e *i* presentan tamén variedades nas grafías: mentres que a vocal /u/ pode aparecer escrita con *v* ou con *u* (que é o máis frecuente), a vocal /i/ pode facelo con *i*, *y* ou *j*. Algúns exemplos son: *vsáuel* (4), *vn* (5); *custume* (7), *dúas* (7); *maio* (3), *filla* (3); *térmjno* (3), *Sseauja* (3); *leys* (1), *oýdo* (1).
- A prepalatal fricativa sonora aparece respresentada coas seguintes grafías: coa grafía *i*, como mostra o exemplo *Iohán* (5); coa grafía *j* temos *seja* (1), *jures* (2), *ajuntados* (3); coa grafía *g* temos *gil* (3), *tangida* (5). A prepalatal fricativa xorda aparece en *releixades* (5) e *deixadas* (7) coa grafía *x*.
- Tamén con respecto ás grafías é característica medieval a duplicación de consoantes, sobre todo en posición inicial. Como exemplos temos *ff* en *ffeita* (1), *ffroytar* (2), *ffrey* (3). Temos *bb* en *abbad* (7). E temos *ss* en *passar* (1), *vossas* (3), *cassal* (6).
- Con respecto ó vocalismo hai nos textos palabras que presentan unha forma diferente con respecto á época moderna. Por disimilación temos *tarreo* (5) e por asimilación temos *custume* (5), *obidiente* (7), *midida* (7). Por redución do ditongo *ou* témo-lo caso de *utorgamos* (7).
- É frecuente que aparezan dúas vocais idénticas en contacto formando un hiato, sen que se produza contracción. Atopámo-los exemplos *seerdes* (2), *Ryboo* (3), *bẽes* (4), *vijnte* (5), *San Paayo* (6), *voontade* (5).
- No tocante á preposición *de* con artigo é normal a perda do *-e*; isto tamén se observa co pronome persoal e co demostrativo; vémolos en *do* (1), *da*

(1), *das* (7), *del* (7), *delo* (1), *dele* (2), *delas* (5), *deste* (2), *destas* (3). Esta perda do *-e* da preposición aparece noutros casos como *d'Abregoi* (2), *d'ambos* (2), *d'oje* (5).

- A preposición *en* mantense cando a palabra seguinte comeza por vocal; vémolos nos exemplos *en ele* (2), *en este* (3), *en el* (5), *en outra* (2), *en hũu* (6). No caso da unión desta preposición co artigo temos asimilación do *l* á nasal: da forma primitiva *enlo* pasamos a *enno* e de aquí a *eno*, para dar paso á forma actual *no*, igualmente acontece no resto do paradigma. Nos textos aparecen as formas asimiladas *enno* (2), *ennas* (3), *eno* (4).
- Temos exemplos da segunda forma do artigo con palabras rematadas en *s*, ás veces sen a asimilación moderna. Aparece *todos los* (5), *todas las* (3), *tódo los* (7), *tóda las* (4). Noutros casos non se fai a segunda forma do artigo; temos nos textos os exemplos *mays as* (5), *mais o* (7).
- Dentro das fricativas áptico-alveolares, a oposición entre xorda e a sonora gráfase con *ss* para a primeira e con *s* para a segunda, e só se daba en posición interior e intervocálica. Nestes textos esta oposición xa desapareceu e a grafía alterna sen ter valor fonolóxico. Así, temos *vosos* (5) fronte a *vossas* (3), *casas* (2) fronte a *cassa* (3), *assý* (3) fronte a *así* (7).
- Para a primitiva africada sonora témo-la alternancia entre a grafía *s* e a grafía *z*, o que indica que a oposición entre a xorda e a sonora xa non existía. Vémolos en *faser* (4) fronte a *fazer* (2), *voses* (5) fronte a *vozes* (1), *rasões* (5) fronte a *razón* (5).
- Dentro da morfoloxía verbal habería que cita-los participios en *-udo*: *tanguda* (3), *contiudo* (7). Tamén é salientable a forma *contradezer* (7) e as formas *estouer* (3), *touer* (7), *toberdes* (7), *tebe* (7), etc., que presentan variantes no radical con respecto ás formas actuais.

Todos estes exemplos e moitos que aínda están sen pormenorizar dan mostra do estado da lingua nestes textos notariais do século XV e, en termos xerais, podemos aplicalo ó galego da época medieval.

## BIBLIOGRAFÍA

- Buján Rodríguez, M. M., *Catálogo archivístico del monasterio de benedictinas de San Paio de Antealtares*, Santiago de Compostela, 1996, pp. 129-130.
- Del Hoyo, J., *Memorias del Arzobispado de Santiago*, Porto, 1950, Porto y Cía.
- Diplomatica et sigillographica*, en *Folia Caesaraugustana*, Zaragoza, Cátedra «Zurita», Institución «Fernando el Católico» (CSIC), 1984.
- García M. Colombás, M. B., *Las señoras de San Payo. Historia de las Monjas Benedictinas de San Pelayo de Antealtares*, Santiago de Compostela, 1980, Caixa de Aforros de Galicia.

- Guyotjeannin, O., Pycke, J. e Tock, B.-M., *Diplomatique médiévale*, Brepols (L'atelier du médiéviste 2), 1993.
- López Alsina, F., *La ciudad de Santiago de Compostela en la alta Edad Media*, Santiago de Compostela, 1988, Centro de Estudios Jacobeos.
- López Ferreiro, A., *Historia de la SAMI de Compostela*, 11 vols., Santiago de Compostela, 1899-1911, Imprenta del Seminario.
- Lucas Álvarez, M., "San Mamed de Seavia, monasterio beneditino en la tierra de Bergantiños (Galicia), anexo a San Payo de Antealtares", en *Homenaje a Don José María Lacarra de Miguel* IV, Zaragoza, 1977, pp. 330-343.
- Novoa G., M. A., *Nociones de paleografía*, Santiago de Compostela, Tórculo, 1995.